
O Paquete ANSYS Multiphysics 5.5 xa está dipoñible no AP3000

- Actualizado (08.09.2005)

ANSYS é un paquete de elementos finitos orientado inicialmente ao cálculo de estruturas sólidas e análise térmica, que nos últimos anos estendeu o seu campo de aplicación dos elementos finitos á mecánica de fluídos e magnetismo, co paquete ANSYS Multiphysics.

A versión 5.5 do paquete ANSYS Multiphysics atópase instalada no nodo 3 do ordenador paralelo AP-3000. Para acceder ao programa é necesario dispoñer dunha conta nese ordenador. Manuais de Ansys 5.5. É necesario dispoñer dun servidor X para poder acceder ás funcións gráficas do paquete.

Unha vez que dispoña de conta no AP-3000 ten que facer un telnet ó ordenador ap3.cesga.es.

Antes de comenazar a usar o programa é necesario seguir os pasos:

Definir a variable de contorno ANSYS55_PRODUCT=ane3fl

Incluír nos PATHs de busca os directorios:

```
/export/home/ansys/bin
```

```
/usr/openwin/bin
```

A instrución para executar ansys en modo interactivo é ansys55. Se se quere utilizar o interface gráfico (supoñendo que se dispón do servidor X), o comando é xansys55.